

CINE EN FAMILIA

QUE É A AAAG?

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), creada no ano 1985, é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa os actores e as actrices de Galicia, así como os directores e directoras teatrais. Ten a súa sede en Santiago de Compostela e desenvolve as súas actividades principalmente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



Nesta páxina podedes atopar información interesante sobre os actores e actrices galeg@s!

Esta asociación é a encargada de organizar os **Premios de Teatro María Casares** que cada ano serven de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral. Os galardóns neste certame consta de 14 categorías: *Maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación / tradución, texto orixinal, escenografía, actor e actriz secundario, actor e actriz protagonista, dirección, espectáculo e espectáculo infantil.*

Botádelle unha ollada aos diferentes actores e actrices que figuran nesta asociación....quen sabe....o mellor algún deles/delas veñen facernos unha visita ao noso cole e degustaremos os seus pratos preferidos!

<http://aaag.gal/>